

Instrucións para a solicitude de títulos

Toda persoa que remate calquera ciclo formativo no centro debe solicitar a expedición do título correspondente. Sen ese trámite os estudos acadados non van ter oficialidade.

A persoa solicitante debera pasarse en horario de oficina co seu DOI (documento oficial de identidade) e aportará:

- Impreso de solicitude
- Copia do DOI
- Boletín de cualificacións finais onde apareza como proposta para o título
- Resgado do impreso de taxas previamente pagas

En caso de que non acuda a persoa interesada, quen a represente deberá traer, ademais de todo o anterior, un impreso de autorización asinado por quen obtén o título, e identificarase co seu DOI.